

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	7
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	8
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	8
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	8
o) Outros apartados	8

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Para Educación Infantil se contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos os obxectivos xerais da etapa que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e de Bueu, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Para Educación Primaria se contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, facendo referencia a Bueu.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un

espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A etapa de Educación Infantil e Educación primaria supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste concreción curricular, estas competencias clave foron adaptadas ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Definidas como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado progrese con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Así mesmo, eses desempeños se evidencian nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, coa fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A maneira de traballar as competencias clave tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria se fará do seguinte xeito:

1) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Potenciando intercambios comunicativos respetuosos con outras nenas e nenos e con persoas adultas, elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo. Ademais, a oralidade é o vehículo principal que permite gozar dun primeiro acercamento a cultura literaria a través das rimas, das letanías, das adiviñas, dos contos e libros, que enriquecerán a súa bagaxe sociocultural e lingüística desde o respecto sempre a diversidade.

2) Competencia plurilingüe (CP).

Coa fin de fomentar nas nenas e nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico.

3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñeira (STEM).

Iniciando as nenas e nenos nas destrezas lóxico-matemáticas para dar os primeiros pasos cara o pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos fáciles. Invitándoos a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima e iniciarse no aprecio polo medio ambiente na adquisición de hábitos saudables.

4) Competencia dixital (CD).

Iniciándose no proceso de alfabetización dixital mediante, o acceso a información, a comunicación e a creación de contidos a través dos medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Ademais, o uso destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais de aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e nenos.

5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Iniciándose no recoñecemento, na expresión e no control progresivo da súas emocións e sentimentos e que avancen

na súa identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía.

Ademais na escola as nenas e nenos comezan a poñer en marcha, cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social con unha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

6) Competencia cidadá (CC).

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrecéndose modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos, e fomentando un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais.

7) Competencia emprendedora (CE).

Estimulando a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o que supón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas, e fomentando a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

8) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Fomentando a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas, para o seu desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza a sociedade a través dun primeiro achegamento as manifestacións culturais e artísticas.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os criterios transversais incorpóranse no currículo como respostas as necesidades máis sentidas da comunidade, da contorna, na escola, a as consecuencias de situacións de crisis que la impactan negativamente e frean o seu desenvolvemento ascendente cara a plenitude; por elo, constitúen una resposta curricular para atender problemas, necesidades ou intereses.

En Educación infantil principalmente:

- Atenderase ao desenvolvemento afectivo, a xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, as manifestacións da comunicación e da linguaxe, e as pautas elementais de convivencia e relación social, así como o descubrimento da contorna, dos seres vivos que en ela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empearase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos términos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores.

- Incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.

- Favorecerase que as nenas e nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

En Educación Primaria principalmente:

- A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

- Desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

- E prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os criterios Xeral sobre a metodoloxía en ambas etapas educativas serán os seguintes:

- Metodoloxía activa, participativa e significativa
- Metodoloxía globalizadora e investigadora
- Método de aprendizaxe condutual (estímulo-reforzo)
- Aprende por ensaio-error, encadeamento cara atrás, moldeamento, imitación e asociación.
- Darlle tempo para que poida expresarse.
- Empregaranse materiais adaptados para a realización de actividades relacionadas coa coordinación viso motriz
- Empregaranse materiais específicos para a aprendizaxe comunicativa, da lecto-escritura, do cálculo, a mellora da memoria.
- Primaranse as aprendizaxes que saen a partir do contacto coa realidade, fomentando as aprendizaxes funcionais.
- Adaptaranse as actividades os seus intereses.
- Coidarase a contorna físico e ambiental.
- Na distribución do tempo de traballo durante a xornada escolar, terase en conta a súa capacidade de atención e máximo rendemento.
- A metodoloxía a usar terá en conta os procesos de recollida de información, de elaboración de información e de transmisión de información.
- Toda a aprendizaxe terá como base a observación e a análise para mellorar o proceso de atención-concentración.
- Partiremos de actividades en pequeno grupo, y con baixos niveis de exigencia, para evitar o bloqueo e o cansazo.
- O ambiente de traballo debe caracterizarse pola súa simplicidade e pola ausencia de estímulos no desexados.
- Supervisar con bastante frecuencia o traballo, coa fin de orientalos e motivalos.
- Informarlle dos acertos e erros evitando que experimente fracasos repetidos, como forma de evitar o desalento e abandono.
- Valorar positivamente os seus esforzos e os seu erros, animándolles a subsanar estes.
- Avaliar de acordo cos seus propios logros e esforzos: estimar o traballo realizado, ademais do resultado de aprendizaxe obtido.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os materiais que se utilizarán serán aqueles que determinemos tendo en conta os seguintes aspectos:

Os obxectivos promovidos polo Centro.

Coherencia cos contidos das áreas.

Acertada a progresión dos contidos e obxectivos.

A adquisición das Competencias Clave.

Adecuación aos criterios de avaliación do noso Centro.

Variedade de actividades para a atención as diferencias individuais.

Motivar, espertar e manter o interese do alumnado

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Os criterios para o deseño das actividades complementarias son:

- a) Darase prioridade as actividades complementarias cerca da contorna.
- b) Procurase que as actividades complementarias sexan multidisciplinares, para elo coordinaranse a través da CCP e os equipos docentes.
- c) Ao ser un centro con alumnado con discapacidade motórica as actividades han de ser planificadas para que este alumnado se integren nelas.
- e) Se planificarán elixindo as actividades que permitan a maior asistencia de alumnado e/ou interese curricular da mesma.
- f) Racionalizar o número de actividades ao ano en función do seu coste económico, para que as familias poidan asumir os gastos que proporcionan.
- g) Secuenciar as actividades por niveis ou materias evitando repetir as saídas a un mesmo sitio, excepto cando os obxectivos planteados sexan diferentes.
- h) As actividades non programadas na Programación Xeral Anual, polo seu carácter ocasional, serán autorizadas polo Equipo Directivo tendo en conta o seu valor didáctico.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que promocióne con áreas con cualificación insuficiente cursará as mesmas con Reforzo educativo se, tras a avaliación inicial, se considera por parte do profesorado que imparte ditas áreas que esta é a medida máis axeitada.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso, podendo contar co asesoramento do Departamento de Orientación.
2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
 - g) Acreditación da información á familia.
3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Nos cursos impares (1º, 3º e 5º) a promoción será automática, nos cursos pares (2º, 4º e 6º) na sesión de avaliación final o equipo docente do grupo decidirá sobre a promoción do alumnado, decisión que será adoptada de xeito colexiado tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Tendo en conta este marco, establecemos a seguinte relación de posibilidades en canto á promoción do alumnado:

- 1) Promocionará o alumnado que por imperativo legal deba facelo.

2) Promocionará o alumnado con cualificación positiva en todas as áreas.

3) Promocionará o alumnado con cualificación positiva nas áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas.

4) Promocionará o alumnado con cualificación negativa nunha ou dúas destas áreas sempre e cando se considere que conta coa suficiente madurez e que as súas competencias son próximas aos mínimos establecidos na programación do seu nivel.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Propor o outorgamento dunha mención honorífica as alumnas ou alumnos que habendo superado todas as áreas da etapa e obtiveran sobresañte ao finalizar educación primaria nunha área ou en varias e que demostrasen un rendemento académico excelente.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Fareanse de acordo a contextualización do centros, as súas necesidades, as individualidades do grupo, e mediante a aplicación PROENS

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas son os seguintes:

- Recursos necesarios para a súa execución.
- O tempo e calidade da participación do alumnado e profesorado.
- Si hai profesorado con dispoñibilidade horaria, para a súa execución.
- Si ten recompensa económica para o centro.
- Si é coherente cos obxectivos do centro.
- Si presenta formación para o profesorado ou alumnado.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a modificación da concreción curricular, se levará a cabo polo equipo directivo, unha vez detectadas polo claustro ou pola CCP, cambios de necesidades, peculiaridades ou lexislación, unha vez modificada será aprobada polo claustro e comunicada a todo o equipo docente.

o) Outros apartados